



Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

Emiliano Lage Rodríguez (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 29/04/2020
HASH: b7b548ae5dc9b3be5d5e9aab289667



BANDO

INFORMACIÓN SOBRE ACTUACIONES FRONTE AO COVID-19 NO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES

O Concello de Fornelos de Montes actúa en colaboración coa Dirección do CEIP Dr. Suárez para facilitar a impresión dos materiais que se precisen para aqueles alumnos que non dispoñan de acceso a internet. Para coordinar as actuacións deberán poñerse en contacto co CEIP Dr. Suárez.

O Concello de Fornelos de Montes facilita mascarillas que son repartidas gratuitamente nos domicilios das persoas empadroadas, chamando ao teléfono do concello (986 76 84 09) en horario de mañá de 9 a 14 horas, para deixar os seus datos e reservar a entrega.

Os servizos sociais do concello están en disposición de proporcionar axudas puntuais as persoas e familias **directamente afectadas** pola epidemia ou polas medidas adoptadas para loitar contra elas.

O servizo municipal de limpeza viaria e recollida de lixo desinfecta periodicamente os contedores de lixo e a vías públicas mais transitadas. Para que estas accións sexan mais efectivas é necesaria a máxima colaboración do veciñanza ao depositar os residuos.

Para cumprimento das bases reguladoras das subvencións da Deputación de Pontevedra faise público que estas actuacións se financiarán con cargo as subvencións concedidas por dito ente ante a situación de emerxencia creada polo COVID-19, ademais de utilizar o material que se reciba para dito fin de calquera outro ente público.

Esta Alcaldía está a disposición permanente para calquera problema xurdido a raíz desta pandemia nos teléfonos 986 76 84 09 ou 629 444 628.

Fornelos de Montes, 29 de abril de 2020.

O ALCALDE

Emiliano Lage Rodríguez



Cod. Validación: ANW5M7Y3ZC9H27RKDP92JAP.J | Corrección: <https://fornelos.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1